

Compañeiros da miña xeneración mortos ou asesiñados

(Trátase dun poema narrativo, composto por versos longos nos que prima máis a mensaxe cá forma)

¡Tan doce era a xuntanza miña e vosa,

de todos nós co mundo!

Facíamos un feixe de campos e de estrelas,

e, ó pisar ise chao que latexaba, (Morriña pola terra que está lonxe.)

sentíamos subir pola sangue o misterio.

[...]

Morréchedes, matáronvos, deixáronme. (Denuncia dos asasinatos a intelectuais galeguistas durante a Guerra Civil.)

Quedei eiquí, lonxe das vosas sombras,

e gardo, coma un morto,

no centro do silencio, da sede, da agonía,

o día que vos poda levar á sepultura (Anceio de voltar á terra, a Galiza.)

unha cesta de pombas (O poeta ansía levarlles aos amigos asasinados un agasallo, un presente: un cesto con pombas e mazás. A pomba como símbolo da paz.)

e mazás. (A mazá é unha froita humilde, pero pura. Representa a amizade, a sinxeleza, a pureza de espírito así como tamén a sabedoría.)

¡tan doce era a xuntanza miña e vosa,

de todos nós co mundo!

Lorenzo Varela